



CiTIUS

Centro Singular de Investigación
en Tecnoloxías da
Información

**Convocatoria para o
desenvolvemento de
Demostradores Tecnolóxicos de
clara proxección industrial**

citi.usc.es

Convocatoria para o desenvolvemento de Demostradores Tecnolóxicos de clara proxección industrial

Financiamento dunha contratación de ata 3 meses para o desenvolvemento de demostradores tecnolóxicos de resultados científicos cun potencial de transferencia contrastable. Estas axudas poderanse complementar con fondos propios de proxectos do solicitante ou do grupo ao cal pertenza.

As solicitudes presentaranse cun mínimo de tres meses de antelación sobre a data prevista de incorporación.

a. Información de contacto

Data da solicitude:
Nome do solicitante:
Programa Científico:
Teléfono:
Correo-e:

b. Proposta de demostrador (1 páxina máximo)

Detallaranse os seguintes puntos

- (1) Breve descripción
- (2) Tecnoloxías ou investigacións previas
- (3) Obxectivos previstos
- (4) Recursos precisos
- (5) Planificación temporal

c. Orzamento

Indicar o posible cofinanciamento do desenvolvemento asumido polos propoñentes

	Custo
Axuda solicitada	
Cofinanciamento proposto	
Total	

d. Actividades de protección previstas ou existentes (2 parágrafos)

Descrición das actividades de protección previstas

e. Potencial comercial (2 parágrafos)

Indicar o potencial comercial do demostrador. Subliñar empresas e nichos nos que o demostrador pode ter impacto.

Valorarase especialmente a existencia de contactos co tecido industrial interesados no desenvolvemento do demostrador e na súa posible comercialización

f. Seguintes pasos (2 parágrafos)

Indicar as actividades de valorización previstas

Indicar o posible compromiso de participación nas iniciativas de promoción da transferencia de tecnoloxía promovidas dende a USC.

g. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- Grao de novidade.
- Susceptibilidade para protexer os resultados obtidos por patente ou outro mecanismo de protección da propiedade intelectual.
- Grao de madurez dos resultados: proximidade ao mercado e posibilidade de transferencia.
- Importancia da necesidade social que busca resolver ou satisfacer co produto da investigación.
- Posibilidades comerciais: mercado ao que está dirixido e vantaxes competitivas do produto resultante.
- Existencia de contactos industriais interesados na tecnoloxía.
- Compromiso para a participación nas iniciativas de promoción da transferencia de tecnoloxía promovidas dende a USC.
- Publicación de librerías asociadas ao desenvolvemento do demostrador.

h. Comisión de selección

A avaliación farase en dúas fases. Na primeira fase, unha comisión técnica avaliará a solicitude e emitirá un informe técnico previo e vinculante. A comisión técnica estará composta por:

- Fernando Rafael Pardo Seco: Técnico da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC.
- Félix Díaz Hermida: Técnico da Unidade de Xestión da Innovación do CiTIUS.
- María Tenorio Miranda: Técnico da Unidade de Xestión da Innovación do CiTIUS.

Na segunda fase, a comisión de selección resolverá as solicitudes tendo en conta o informe técnico.

A comisión de selección estará composta por:

- Paulo Félix Lamas: Director Comisario do CiTIUS.
- A Comisión de Apoio á Dirección do CiTIUS.
- Un Técnico da Unidade de Innovación do CiTIUS.